

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA (SAÚDE MENTAL FEAFES GALICIA)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten previsto formalizar coa Federación de Asociacións de familiares e persoas con enfermidade mental de Galicia (Saúde mental FEAFES Galicia), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte á data da súa sinatura e terá duración ata o remate do curso académico 2018/19, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Federación de Asociacións de familiares e persoas con enfermidade mental de Galicia (Saúde mental FEAFES Galicia) nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con problemas de saúde mental.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria considera como un



dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Neste sentido, tanto na normativa educativa estatal, impulsada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, como no desenvolvemento curricular estatal e da Comunidade Autónoma de Galicia, faise explícita a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, entre o que se sitúa o alumnado con problemas de saúde mental.

2. Que a Federación de Asociacións de familiares e persoas con enfermidade mental de Galicia (Saúde mental FEAFES Galicia) é unha asociación sen ánimo de lucro que ten como fins:

- a) Representar ao colectivo de persoas con problemas de saúde mental e os seus familiares ante a sociedade, ante calquera administración ou órgano do Estado e ante outras instancias públicas e privadas, en relación coa súa propia e específica problemática.
- b) Defender os intereses do Colectivo representado ante os mencionados no apartado anterior e intervir nos seus problemas de acordo cos estatutos.
- c) Esixir a adecuada atención sanitaria, social e laboral das persoas con problemas de saúde mental e os seus familiares, a favor da rehabilitación, reinserción social e integración laboral.
- d) Promover e xestionar servizos de calidade dentro do seu ámbito de actuación que redunden en beneficio dos membros do colectivo, de calquera tipo ou natureza, unilateralmente ou a través de acordos con outras entidades públicas ou privadas, entre elas promover o acceso ao emprego das persoas con enfermidade mental a través da realización de prácticas en empresas con carácter no lucrativo.
- e) Promover a sensibilización e mentalización social cara ás persoas con problemas de saúde mental e os seus familiares, chamando a atención sobre a marginación e discriminación que existe nos aspectos sanitarios, sociais e laborais, e reforzando o principio de solidariedade entre as Asociacións e a sociedade.
- f) Promover e coordinar as demandas e propostas do colectivo representado ante os organismos oficiais pertinentes, defendendo os seus lexítimos dereitos mediante a súa participación nos órganos planificadores e legisladores en materia de Saúde Mental e Servizos Sociais, recabando dos poderes públicos leis e programas que favorezan os



intereses das persoas con problemas de saúde mental e os seus familiares, así como das entidades membro de Saúde Mental FEAFES Galicia, e outras similares.

g) Unificar e coordinar a acción con outras organizacións, autonómicas, nacionais e internacionais que persigan os mesmos fins, coa intención de crear unha forza integral para a defensa dos seus obxectivos.

h) Esixir a creación de servizos alternativos á hospitalización e o establecemento de sistemas alternativos e substitutorios á familia.

i) Desenvolver unha constante e eficaz información para agrupar a todos os familiares e as persoas con problemas de saúde mental, co fin de integrar nun foro común a todo o colectivo.

j) Promover a información e o intercambio de experiencias entre as asociacións federadas.

k) Estimular a investigación sobre as enfermidades mentais, a saúde mental e a prevención e promoción das mesmas.

l) Desenvolver actividades de formación, cooperación internacional e igualdade de xénero.

3. Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir “apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas”.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado con problemas de saúde mental.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





E para dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras, asínase dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura.

